



1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	PRÁCTICAS DE ESCRITA DRAMÁTICA
DISCIPLINA	ESCRITA DRAMÁTICA II
TITULACIÓN	Título de Grao en Ensinanzas Artísticas Superiores de Arte Dramática
ESPECIALIDADE	Dirección escénica e dramaturxia
ITINERARIO	Dirección escénica e dramaturxia
CURSO	1º (2º semestre)
CRÉDITOS ECTS	3
CARÁCTER	Obrigatorio
DEPARTAMENTO	Dirección escénica e dramaturxia
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	
DOCENTES	Nome e apelidos: Afonso Becerra Arrojo Horario titorías: Luns e xoves, pola tarde Despacho: Dpto. de Dirección escénica e Dramaturxia Contacto: afonsobecerra@edu.xunta.gal e afonsobecerraesadg@gmail.com
DESCRIPCIÓN	Práctica da escrita dramática (incluído o espectáculo audiovisual), onde se han sintetizar todos os aspectos da formación. Implica o coñecemento e a experimentación da complexidade do proceso global da creación, incluíndo a experiencia da representación. O alumnado aprende a integrar procedementos e saberes adquiridos para conseguir transmitir ao espectador as sensacións, emocións e o sentido da escrita dramática. Coñecemento e experimentación do método de traballo. Valoración e crítica do resultado obtido e do método de traballo utilizado.
COÑECEMENTOS PREVIOS	ESCRITA DRAMÁTICA I
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego.

2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T6	Realizar autocrítica cara ao propio desempeño profesional e interpersoal.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
T15	Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social verbo da importancia do patrimonio cultural, da súa incidencia nos diferentes ámbitos e na súa capacidade de xerar valores significativos.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X1	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.
X7	Valorar a Arte Dramática como unha actividade integrada na sociedade e na cultura galegas, coas que comparte obxectivos e retos.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DE ESPECIALIDADE	
ED1	Concibir propostas escénicas que fundamentan o espectáculo, xerando e analizando conceptos, textos e imaxes e valorando as súas propiedades representativas e a súa calidade estética.
ED2	Proxectar a composición do espectáculo, utilizando todos os coñecementos estéticos e técnicos necesarios sobre as diferentes linguaxes e códigos que participan na representación.
ED3	Planificar e conducir o proceso xeral de creación do espectáculo, aplicando a metodoloxía de traballo pertinente.
ED5	Investigar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire á metodoloxía de traballo como á renovación estética.

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Iniciarse na escrita a partir de premisas básicas de creación.	T1. T3. T6. T8. T.13. T15. T17.



	X1. X3. X5. X7. ED1.
2. Ordenar e sistematizar os procesos de creación dramática.	T1. T3. T6. T7. T13. T15. X1. X3. X5. X6. ED2. ED3. ED5.
3. Explorar a efectividade na recepción das propostas de escrita.	T3. T6. T7. T13. T17. X3. X5. ED1. ED5.
4. Adestrarse na adquisición de estímulos para a creación.	T1. T3. T6. T15. T17. X1. X3. X5. X7. ED1. ED5.
5. Investigar as capacidades, necesidades e tendencias propias.	T3. T6. T8. T15. T17. X1. X3. X5. X6. ED1. ED5.
6. Coñecer e aplicar as modalidades e as técnicas básicas.	T1. T3. T13. X5. X6. ED2. ED3. ED5.
7. Asumir estilos e paradigmas textuais alleos.	T1. T3. T13. X6. X7. ED2. ED5.
8. Investigar os procedementos de composición nas dramaturxias colaborativas de proceso, no ámbito das teatralidades posdramáticas.	T1. T3. T6. T7. T13. T15. T17 X1. X3. X5. X6. X7. ED1. ED2. ED3. ED5.
9. Proxectar e realizar a escrita dun texto de creación propia seguindo unhas premisas e restricións concretas.	T1. T3. T6. T7. T8. T13. T15. T17. X1. X3. X5. X7. ED1. ED2. ED3. ED5.

4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Técnicas de adestramento e aproximación á escrita. Estímulos internos.	1.1. A imaxinación. 1.2. Os recordos. 1.3. Os soños e os pesadelos.	1 h. 1 h. 1 h.
2. Técnicas de adestramento e aproximación á escrita. Estímulos externos e fontes.	2.1. As fontes (literatura, fotografía, pintura, medios de comunicación, etc.) 2.2. A observación da realidade.	1 h. 30' 1 h. 30'
3. Acción e situación dramática.	3.1. Acción, concepto e tipoloxías. 3.2. Coordenadas principais na configuración da situación dramática. 3.3. A acción e a súa relación coa escrita.	1 h. 1 h. 1 h.
4. Composición de personaxes, así como de calquera outro dispositivo actuante.	4.1. A incidencia do personaxe na acción. 4.2. O discurso e a caracterización. Tipoloxías na escrita. 4.3. A identidade, emerxencia e disolución.	1 h. 1 h. 1 h.
5. A voz. Orixe, funcións. A direccionalidade (<i>l'adresse</i> , a función <i>agoreútica</i>). (Tema transversal.)	5.1. Definición e indefinición na direccionalidade das voces. 5.2. Orixe e funcións: voz do personaxe, voz autónoma e resistente á mímese, voz da/o narrador/a, voz en off... 5.3. A poética das voces alén dos personaxes, a polifonía e o polílogo, as formas de hipertextualidade ou minimalismo.	Insírese nas sesións anteriores.
6. A inscrición da oralidade. Os rexistros da fala. A materialidade sonora e a musicalidade. (Tema transversal.)	6.1. Oralidade e rexistros de fala caracterizadores. 6.2. Plasticidade sonora e musicalidade. 6.3. Campos léxicos.	Insírese nas sesións anteriores.
7. O estilo. Modalidades de escrita. (Tema transversal.)	7.1. Definición. 7.2. Procedementos de análise do estilo. 7.3. Introducción á técnica do "pastiche" ou " <i>alla maniera de</i> ".	Insírese nas sesións posteriores.
8. Exercicios de estilo 1. Análise e composición a partir dun/ha dramaturgo/a relevante.	8.1. Lectura da(s) obra(s) máis significativa(s) do/a autor/a escollido/a. 8.2. Análise do estilo. 8.3. <i>Pastiche</i> ou escrita <i>alla maniera de</i> .	1 h. 1 h. 1 h.
9. Exercicios de estilo 2. Análise e composición a partir dun/ha dramaturgo/a relevante.	9.1. Lectura da(s) obra(s) máis significativa(s) do/a autor/a escollido/a. 9.2. Análise do estilo. 9.3. <i>Pastiche</i> ou escrita <i>alla maniera de</i> .	1 h. 1 h. 1 h.
10. Exercicios de estilo 3. Análise e composición a partir dun/ha dramaturgo/a relevante.	10.1. Lectura da(s) obra(s) máis significativa(s) do/a autor/a escollido/a. 10.2. Análise do estilo. 10.3. <i>Pastiche</i> ou escrita <i>alla maniera de</i> .	1 h. 1 h. 1 h.
11. Exercicios de estilo 4. Análise e composición a partir	11.1. Lectura da(s) obra(s) máis significativa(s) do/a autor/a escollido/a.	1 h.



dun/ha dramaturgo/a relevante.	11.2. Análise do estilo. 11.3. <i>Pastiche</i> ou escrita <i>alla maniera de</i> .	1 h. 1 h.
12. Realización da escrita dunha peza dramática realista breve, na que se demostre a interiorización de técnicas e estilos alleos así como a busca do propio estilo e da voz autoral.	12.1. Intencións, desacougos, referentes, filias e fobias... 12.2. Asunción de paradigmas e estilos alleos. 12.3. Busca dun estilo propio e dunha poética escritural singular.	1 h. 1 h. 1 h.
13. Realización dunha peza breve de dramaturxia posdramática. A escrita como composición nas dramaturxias colaborativas de proceso, no ámbito das teatralidades posdramáticas.	13.1. Fase prospectiva. Referentes e materiais seleccionados e os que aparecen. 13.2. Fase de desenvolvemento. Ensaíos, improvisacións, probas, xogos. 13.3. Fase de concretización da partitura de accións. 13.4. Análise e estudo da recepción. Reflexións finais.	3 h. 9 h. 3 h. 3 h.
8. A construción da recepción. (Tema transversal a todos os outros.)	8.1. Análise dos mecanismos de coherencia textual. 8.2. Análise da consecución da partitura de efectos previstos pola escrita. 8.3. Análise e obxectivación dos criterios do gusto.	Insírese en todas as sesións anteriores.
TOTAL SESIÓNS		15 de 3 h.

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introdutorias			
Exposición maxistral			
Exposición práctico-teórica	10	5	15
Práctica individual	23	28	50
Práctica colectiva	8	5	13
Obradoiro			
Seminarios			
Actividades complementarias			
Outros			
Titorías individuais			5
Titorías de grupo			
Actividades de avaliación. Probas			
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	5	5	10
Actividades de avaliación. Revisión			

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE	
Actividades	Descrición
Descrición	Descrición
Escrita de escenas e pezas breves nas que se poida deducir a situación dramática.	Exercicios de escrita, a partir de consignas e restricións, nos que cómpre considerar as coordenadas principais que configuran a situación dramática. O proxecto de acción, os parámetros espazo – temporais. Os personaxes. Reescrita en función de consignas ou da consecución duns determinados efectos previstos na recepción.
Exercicios de lectura pública, análise e debate sobre obras de dramaturgas/os de referencia no panorama da dramaturxia contemporánea universal.	Lectura, en clase, de obras de dramaturgas/os de referencia para a conseguente análise e debate arredor das súas estreteixas discursivas e dramaturxicas para a súa aplicación ao traballo de escrita.
Exercicios, fóra da aula, de lectura particular e análise estilística e das estratexias discursivas e dramaturxicas. Tomaranse para isto as obras máis representativas do xeito de escribir e compoñer de dramaturgas/os que, dalgún modo, revolucionaron ou contribuíron a cambios significativos na concepción da dramaturxia actual.	Cada alumna/o deberá ler e analizar o máximo número de obras das/os dramaturgas/os que imos tomar como modelos de escrita, para poder extraer conclusións respecto dos diversos niveis de composición e escrita.
Exercicios de estilo e “pastiche” ou “ <i>alla maniera de</i> ”	Escrita de escenas ou pezas breves despois de facer inmersión no estilo dunha dramaturga ou dramaturgo relevante, intentando asumir e interiorizar o seu estilo.
Exercicio global de composición e escrita dunha peza dramática realista, breve, á busca do propio estilo.	Escrita dunha obra breve na que se demostre a interiorización dos procedementos, técnicas e estilos aprendidos, na busca dunha voz autoral propia.



Lectura pública e análise dos exercicios de escrita. Exame dos criterios do gusto.	Lectura pública e análise dos mecanismos de coherencia textual así como da consecución dos efectos previstos na recepción. Análise dos criterios que rexen o gusto.
Realización dunha dramaturxia colaborativa de proceso, dentro das condicións básicas das teatralidades performativas posdramáticas.	Fase de aproximación. Referentes e materiais. Documentación diversa. Fase de ensaio e investigación en escena. Fase de concretización e partiturización. Fase de análise e reflexión. (Realización escénica e dramática dun espectáculo de pequeno formato pertencente ao amplo espectro das teatralidades performativas posdramáticas. Codificación axeitada e coherente da dramaturxia máis a súa realización escénica que demostre a súa viabilidade e eficacia. Achegar unha partitura dos efectos previstos na recepción. Achegar os documentos que xustifiquen os referentes empregados así como as decisións tomadas.)

7. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN		
7.1 Avaliación ordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Descrición	descrición	
Seguimento diario. Exercicios parciais de análise e composición. Lectura ou presentación directa en aula dos exercicios.	T1. T3. T6. T7. T8. T13. T17. X1. X3. X7. ED1. ED3.	20%
Exercicios de escrita e composición acabados. Maila documentación pertinente. Presentación pública final das dúas pezas breves realizadas: peza dramática realista e peza de dramaturxia posdramática.	T1. T3. T8. T13. T15. T17. X5. X6. X7. ED1. ED2. ED3. ED5	80%
7.2. Avaliación extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Descrición	descrición	
Exame. Exercicios globais de análise e composición que implican os mesmos procedementos que os exercicios realizados durante o curso.	T1. T3. T7. T8. T13. T15. T17. X3. X5. X6. X7. X8. ED1. ED2. ED3. ED5.	100%
7.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Descrición	descrición	
Exame. Exercicios globais de análise e composición que implican os mesmos procedementos que os exercicios realizados durante o curso.	T1. T3. T7. T8. T13. T15. T17. X3. X5. X6. X7. X8. ED1. ED2. ED3. ED5.	100%

8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS
Referencias básicas Aristóteles: (2007): <i>Poética</i> , A Coruña, Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Maior da Universidade da Coruña. Becerra de Becerreá, Afonso (2007): <i>Dramaturxia. Teoría e practica</i> , Vigo, Galaxia. Becerra de Becerreá, Afonso (2018): <i>Confío-te o meu corpo. A dramaturgia pós-dramática</i> , Santiago de Compostela, Através Editora.
Referencias complementarias Becerra Arrojo, Afonso; Battle, Carles, dir. <i>O Ritmo na dramaturxia : teoría e práctica</i> . [Barcelona]: Universitat Autònoma de Barcelona, 2016. 1 recurs electrònic (473 p.). ISBN 9788449061974. Tesi doctoral - Universitat Autònoma de Barcelona. Departament de Filologia Catalana, 2016: https://ddd.uab.cat/record/165718 Lehmann, Hans-Thies (2013): <i>Teatro posdramático</i> , Cuenca, CENDEAC. Pavis, Patrice (2014) : <i>Dictionnaire de la performance et du théâtre contemporain</i> , Paris, Armand Colin. Sarrazac, Jean-Pierre (1999) : <i>L'Avenir du drame</i> , Paris, Circé. Szondi, Peter (1989): <i>Teoría del drama modern (1880-1950)</i> , Barcelona, Institut del Teatre.

9. OBSERVACIÓNS
NECESIDADES PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROCESO DE DOCENCIA APRENDIZAXE 1. A aula deberá estar equipada con encerado e cun equipo de reprodución audiovisual para formatos DVD, MPEG4, AVI. 2. Para a elaboración da peza global final, pertencente ao ámbito das dramaturxias performativas posdramáticas, de natureza colaborativa, é preciso contar, segundo o número de alumnado e os grupos de traballo, polo menos, con dúas aulas prácticas, dentro do horario lectivo, que permitan o desenvolvemento desa dramaturxia escénica. En casos debidamente xustificadas, tamén se poderían utilizar espazos non convencionais, exteriores ou interiores, cos debidos permisos ao respecto. 3. O alumnado deberá xestionar as necesidades técnicas e artísticas, así como a produción das dramaturxias que



elaboren.

MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS

Ante a evolución da pandemia pola COVID- 19, a ESAD de Galicia establece unha planificación extraordinaria que se **ACTIVARÁ NO MOMENTO EN QUE A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA O DETERMINE**, atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da presente programación docente. No suposto de que se produza unha emerxencia, a presente programación non sufrirá máis modificación que a derivada da necesidade de articular unha avaliación non presencial, para o que se establecerán as adaptacións necesarias nas actividades e ferramentas de avaliación, en relación coas competencias que se indican e coa ponderación que se sinala.

Para o caso da avaliación non presencial de toda a disciplina, as ferramentas e actividades de avaliación serían as que seguen:

ACTIVIDADE 1: Seguimento telemático

Competencias: T1. T6. T8. T13. T17. X1. X3. X7. ED1. ED3.

Ponderación: 10%

ACTIVIDADE 2: Peza dramática realista breve, adaptación dun relato, que inclúe os estilos traballados nos *pastiches*.

Competencias: T1. T8. T13. T15. T17. X5. X6. X7. ED1. ED2. ED3. ED5

Ponderación: 45%

ACTIVIDADE 3: Peza posdramática breve.

Competencias: T1. T8. T13. T15. T17. X5. X6. X7. ED1. ED2. ED3. ED5

Ponderación: 45%

No caso de que o tránsito se produza iniciado xa o curso escolar, o profesorado combinará a avaliación do traballo presencial do alumnado coa avaliación do traballo non presencial, determinando as ferramentas (presenciais e non presenciais) a utilizar e a ponderación das mesmas.

AS PRESENTES MEDIDAS PODERÁN SER OBXECTO DE MODIFICACIÓN EN FUNCIÓN DAS DIRECTRICES OU INTRUCIÓNS QUE POIDA FACER PÚBLICAS A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA, QUE SE COMUNICARÁN EN TEMPO E FORMA AO ALUMNADO POLAS CANLES HABITUAIS (PÁXINA WEB E CORREO ELECTRÓNICO).